

Antón Fraguas Fraguas



Nado en [Insuela](#), na parroquia de [Loureiro \(Cotobade¹\)](#), o 28 de decembro de 1905 e falecido en [Santiago de Compostela](#) o 5 de novembro de 1999



Foi un destacado historiador, etnógrafo, antropólogo e xeógrafo galeguista. En 1923 fundou, xunto con outros compañeiros, a Sociedade da Lingua, que tiña como principais obxectivos a defensa da lingua e a elaboración dun dicionario.



- A partir de 1924 fixo a carreira de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela. O primeiro ano foi a un preparatorio, onde tiñan tres catedráticos: Ciriaco Pérez Bustamante (Historia), Armando Cotarelo Valledor (Literatura) e Ramón Gallego García (Filosofía).



- Foi presentado á alcaldía da Estrada en 1936, en contra do seu criterio,[12] e participou nas campañas a favor do Estatuto de autonomía, ó ser secretario xeral do Partido Galeguista, e tralo Golpe de Estado do 18 de xullo sufriu represión polas súas actitudes galeguistas, sendo depurado do seu posto de traballo.



Foi nomeado Pontevedrés do ano en 1973. En 1984 concedéronlle o Pedrón de Ouro, a Insignia de Ouro do Museo do Pobo Galego[18] e a Medalla Castelao da Xunta. Recibiu o Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo en 1985



FIN

